

Vigo, 31 de xaneiro de 2007

Ilma. Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria,

Ilmo. Conselleiro de Industria e Innovación,

A Asociación General de Profesores Titulares de Universidad na súa delegación para Galicia, pon no seu coñecemento a adhesión ó manifesto adxunto da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Santiago de Compostela en relación ás convocatorias de complementos autonómicos e de axudas correspondentes ós programas sectoriais e de promoción xeral do coñecemento que axuntamos.

Atentamente,

Pedro Pablo Gallego
Presidente AGPTU-UVigo

Anexo: Nota de protesta da XPDI da USC polas convocatorias da Xunta de Galicia

Nota de protesta da XPDI polas convocatorias da Xunta

A Xunta de Persoal Docente e Investigador (XPDI) da Universidade de Santiago de Compostela, quere facer pública a súa crítica e rexeitamento do modo en que tanto por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como pola da Consellería de Industria e Innovación, se resolveu a convocatoria de complementos autonómicos (Complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión) e a convocatoria de axudas correspondentes aos programas sectoriais e de promoción xeral do coñecemento respectivamente.

En ambos os dous casos as resolucións caracterízanse polo total descoñecemento por parte dos candidatos/as dos criterios que motivaron as valoracións obtidas e, en consecuencia a obtención ou non dos complementos ou dos proxectos, axudas para estadias, para adquisición de bibliografía, etc. Esta total ausencia de información sobre as valoracións precisas non só impide o control social da labor da administración, senón que tamén elimina a posibilidade de mellora e adecuación das propostas aos requirimentos de futuras convocatorias. Factor que actúa como un incentivo negativo para unha continua evolución a prol da excelencia.

Neste senso a XPDI demanda que se fagan públicos os criterios de valoración empregados nas convocatorias, e que estes criterios e manteñan posibilitando o necesario proceso de mellora que permita ao profesorado universitario que resultou excluído destas convocatorias, adecuarse aos requirimentos.

En representación da XPDI, asina en Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2006:

Gonzalo Rodríguez Rodríguez
Presidente da XPDI